

Deportes



Trofeo de golf El Progreso

O xogador lucense José Valcárcel, do Club de Golf Lugo, alzouse coa victoria na décima edición do Trofeo de Golf El Progreso, que se celebrou durante dúas xornadas. Valcárcel foi o mellor na categoría scratch cun total de 59 puntos, mentres que a segunda posición foi para Álvaro Balsa, do Club de Golf Lugo, con 58. A competición contou con outras tres categorías en disputa en función do hándicap dos participantes. Na primeira categoría, cun hándicap de 0 a 12,4, a victoria foi para Ángel Pérez, con 70 puntos; por diante de Jaime Álvarez, con 69 puntos, ambos do club lucense. Na segunda categoría, o mellor

xogador foi Jesús Balboa, do Golf Sarria, cun total de 79 puntos; en tanto que Paulino Fernández, del Golf Lugo, foi segundo. A terceira categoría de hándicap tivo como vencedora a Elvira Tuñas, con 69 puntos; seguida de Manuel Portela, con 66, ambos do club lucense. A organización do torneo tamén premiou a Jesús Rodríguez López como mellor sénior da competición, e a Alicia Rozas Bello como a mellor muller na clasificación total, ambos do Club de Golf Lugo. A competición disputouse a un total de 36 buratos na modalidade stableford, dos que os 18 primeiros cubríronse na primeira xornada celebrada no Club de Golf El Pilar, en Sarria. Na entrega de premios estivo presente o presidente do club lucense, Ignacio Somoza. Fotos de **S. Senande.**

